

## **Regulamento CARBALLO TRAIL RACE 2022**

**Artigo 1: Organizador e denominación da proba.** O Concello de Carballo organiza o "CARBALLO TRAIL RACE 2022", proba oficial da Federación Galega de Atletismo (FGA en diante) por pistas e camiños non asfaltados na súa meirande parte e sobre distancias de aproximadamente 28 Km, e 12 Km na opción curta, e baixo o control técnico do Comité de Xuíces da FGA.

**Artigo 2: Entidades Colaboradoras.** Colaboran na organización da proba a FGA, a Agrupación de Voluntarios de Protección Civil de Carballo e a Agrupación Deportiva Media Ducia.

### **Artigo 3: Protocolo Físicovid-DXT Galego para a práctica do atletismo.**

**3.1.** Tódalas normas dispostas no articulado do presente regulamento adaptaranse as medidas específicas para competicións de Trail-Running do protocolo Físicovid-DXT Galego para a práctica do atletismo vixentes no momento de celebración da competición, de xeito que a organización poderá modificarlas no caso de experimentar variación.

**3.2.** No caso de que as modificacións consistan en incremento do grao de restricción con respecto ó existente no presente regulamento, o articulado afectado quedará modificado de xeito automático.

**3.3.** A organización informará das modificacións ós participantes mediante a web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com).

**3.4. Os participantes comprométese a manterse informados mediante as web [www.carreirasgalegas.com](http://www.carreirasgalegas.com) e [www.atletismo.gal](http://www.atletismo.gal) dos protocolos específicos Físicovid para competicións Trail-Running que a FGA publique nas mesmas.**

**3.5.** É obrigatorio o uso da máscara en todo momento. Unicamente poderán quitala durante a proba os atletas, segundo o establecido neste protocolo.

**3.6.** Non se poderá saudar con contacto físico en ningún momento da proba, e ao rematar a participación abandonarase inmediatamente a zona de competición.

**3.7.** Durante a competición os atletas deberán gardar en todo momento na medida do posible a distancia de seguridade de 1,5 m. entre eles. Os atletas que non respecten esta norma serán advertidos nunha única ocasión polo organizador, e no caso de persistir na súa conduta serán descualificados e propostos para unha posible sanción.

**Artigo 4: Participantes .** No "CARBALLO TRAIL RACE 2022", pode participar toda persona nada nas datas correspondentes por categoría, federada mediante licenza anual ou licenza de día específica para esta proba, ate un máximo de 400, con excepción das limitacións impostas pola regulamentación propia da Federación Galega de Atletismo para a participación de atletas federados de outras Federacións Autonómicas.

Cada participante acude a proba baixo a súa responsabilidade ou a do seu adestrador persoal ca forma física axeitada para realizala e cos controis médicos oportunos e por tanto asume persoalmente e exime á organización calquera incidente ou lesión acaecida por esa causa ou por actitude imprudente, negligente ou imprevisible durante a participación.

**Artigo 5: Inscricións.**

As inscricións son persoais e non transferibles, supoñendo a aceptación de todo o desposto no presente regulamento e incluíndo o servizo de seguro ó que obrigan os preceptos legais.

**Prazo de Inscricións.** Admítense **ate o día 2 de febreiro** de 2022 ou ata acadar as 400 prazas.

As formas e lugares de inscrición son:

a) Na web <http://www.carreirasgalegas.com>

b) Na web [www.carballo.gal](http://www.carballo.gal), no enlace creado ó respecto.

Proporcionarase información sobre a proba e asesoramento para a inscrición: nas oficinas do Concello de Carballo "Carballo Deporte" sitas na rúa Corcubián sn e nº teléfono 981702109.

**Cuota de Inscrición e forma de pago:** Establécense cuotas de inscrición de 8 € para o trail curto e 12 € para o trail longo.

Aboarase no momento da inscrición na plataforma <http://www.carreirasgalegas.com>

**Artigo 6: Data, probas, categorías e horarios.** A data de celebración é o domingo día 6 de febreiro de 2022.

A creación de cada categoría condiciónase á necesidade de que se presente na liña de saída un mínimo de 10 atletas do mesmo sexo por categoría e de 5 no caso dos veteráns para a constitución das mesmas. Os atletas das categorías non constituídas serán asignados á categoría inmediatamente anterior á que lle corresponda.

Celébranse as seguintes probas, horarios e categorías:

Trail Curta					
Categoría	Datas de Nacemento	Distanza	Hora de Saída	Hora final	Tempo Máx.
Xuvenil Sub 18 Feminina	2005,2006	12.000 m	9:30h.	11:15h.	1 h 45 min.
Xuvenil Sub 18 Masculino					
Senior Feminina	Nados dende o 7/02/1987 ate o 2004				
Senior Masculino					
Veteráns Feminina	Nados do 6/02/1987 e anteriores				
Veteráns Masculina					

<b>Trail Longa</b>					
<b>Categoría</b>	<b>Datos de Nacemento</b>	<b>Distanza</b>	<b>Hora de Saída</b>	<b>Hora final</b>	<b>Tempo Máx.</b>
Senior Feminina	Nados dende o 7/02/1987 ate o 2004	28.000m	9:30h.	13:45 h	4 h. 15 min.
Senior Masculino					
Veteráns Feminina	Nados do 6/02/1987 e anteriores				
Veteráns Masculino					

### **Artigo 7: Recollida de dorsais.**

Os dorsais e os chips recolleranse na zona habilitada a tal efecto no edificio do Mercado Municipal (6876+7H Carballo) sito na rúa Gran Vía, o sábado día 5 de febreiro de 10:00 h. a 13:00 h. e de 16:00 h. a 20:00 h. e o mesmo día de celebración da proba dende as 7:320 horas.

É necesaria a presentación do dni,licencia federativa, resguardo de inscrición ou documento similar acreditativo e non está permitida a recollida de dorsais por unha persoa non inscrita, excepto polo persoal que fose previamente autorizado.

### **Artigo 8: Servizo de Desprazamento para deportistas**

A organización disporá autobuses para desprazar unicamente ós deportistas segundo o seguinte detalle:

- Saídas dos autobuses dende o Mercado Municipal en Carballo (Rúa Gran Vía, 15100 Carballo, A Coruña **6876+7H Carballo**) ate o punto de saída da proba.
- Os autobuses tomarán a saída ás **8:30 h**. Os participantes que acudan polos seus medios á zona de saída, non serán trasladados á mesma pola organización ó remate da proba.
- Os participantes no trail curto serán retornados ó Mercado Municipal en Carballo (Rúa Gran Vía, 15100 Carballo, A Coruña **6876+7H Carballo**).
- A utilización de vestiarios queda supeditada ás circunstancias sanitarias e organizativas existentes no momento de realización da proba. No caso de existir este servizo utilizaranse os vestiarios da Piscina Vila de Noia (Rúa Vila deNoia, 15100 Carballo **6888+XC Carballo**).

### **Artigo 9: Percorrido.**

**9.1.-** O percorrido transcurre por camiños públicos e forestais sen asfaltar, vías asfaltadas, rúas do núcleo urbán e campo a través.

**9.2.-** O percorrido, incluída a parte que discurre por carreteras e rúas de poboacións non estarán pechados ó resto de usuarios das vías, debendo cumprir os participantes as normas xerais de tráfico para peóns e/ou as indicacións da organización.

**9.3.- Saída e Metas**

Tódalas probas sairán da Praia de Razo, na zona habilitada ó efecto, ás 9:30 horas, próxima á seguinte ubicación: Rúa Paseo Arenal, 25 15107 Carballo, A Coruña. Ubicacións: **77RW+6Q Arnados** ou **43.290083, -8.704084**.

As saídas poderán realizarse de xeito individual, por tandas ou conxunta, en función do protocolo físicovid-DXT Galego da FGA para Trail-Running vixente na data da proba.

A meta estará disposta nos seguintes lugares:

**Trail Longa:** Praza do Concello, 15100 Carballo, A Coruña **43.213126, -8.689037; (6876+794 Carballo)**

**Trail Curta:** Cances, Local Social (DP-1908 15106 Carballo) **43.243191, -8.746197 (67V3+7GF Cances da Vila)**

**9.4.- Percorrido Trail Longa.** Distanza próxima ós 28 KM e 900 m de desnivel, dende a saída na Praia de Razo ate a meta na rúa Vila de Corcubión, transcorrendo por: Praia de Razo, Vía acceso ó porto de Razo, "Senda Pinos do Mar", Lugar de Santa Mariña, Cruce da estrada Razo- Aviño, Subida a Monteneme, Cumio Monteneme, Paso por debaixo da nova estrada Carballo Malpica AC418 en Cances, Cruce ca antiga estrada Carballo Malpica(AC414) en Cances, Carretera DP 1908 nas Antigas Escolas de Cances e Centro Social, monte de Liñeiro, Cruce DP1910 en Liñeiro, Monte deVilanova, Muíño rego de Liñeiro, Vilanova, A Constenla, Muíño da Torre, Ponte das Gargas, A Devesa, A Cepeira, Muíño do Quinto, Cruce da Rúa Fomento, Rúa Río Anllóns, Rúa Río Miño, San Martiño, Cruce da rúa Milagrosa, Paseo do Anllóns, Parque do San Martiño, Rúa San Ramón, rúa San Xoán Bautista, Rúa Martín Herrera, Rúa Jacinto Amigo Lera, Rúa Desiderio Varela, Praza do Concello.

**9.5.- Percorrido Trail Curta e Xuvenil.** Distanza próxima ós 11 KM e 500 m. de desnivel, idem á longa pero con remate en Cances.

**9.6.-** O percorrido estará marcado e balizado pola organización con elementos de cor viva a intervalos regulares, sinalándose especificamente as direccións a seguir nos cruces, e as entradas a vías asfaltadas e cruces de carreteras.

#### **Artigo 10.- Avituallamentos.**

A organización disporá avituallamento sólido e líquido nos seguintes puntos do percorrido: KM 8. Cumio Monte Neme (líquido).

Km 11. Local Social, Cances(Meta trail

curto)(líquido + sólido). KM 20 Muíño da Torre

)(líquido + sólido).

KM 25. A Cepeira (Líquido)

#### **Artigo 11.- Normas para participantes en percorrido.**

**11.1.-** Deberán ir provistos de teléfono móvil con batería suficiente para a duración da proba, vaso para hidratación e manta térmica.

**11.2.-** O dorsal acreditativo deberá levarse en todo momento, na parte dianteira e claramente visible na súa totalidade, indicando no reverso do mesmo calquera circunstancia a ter en conta en caso de atención médica urxente durante a proba.(alergia a medicamentos, etc.).

**11.3.-** Deberán observar as normas para peóns, especialmente nos tramos asfaltados, rúas urbanas e cruces de carreteras, dado que o percorrido estará aberto ó resto de usuarios da vía.

**11.4.-** Responsabilizarse de localizar a sinalización e seguila, así como de cruzar

as carreteras no lugar sinalado pola organización ó efecto.

**11.5.-** Pasar obrigatoriamente polos postos de control que disporá a organización durante o percorrido.

**11.6.-** Comunicar á organización o abandono da proba, ou ben nos puntos de control e avituallamento ou agardando ó peche da carreira.

**11.7.-** En caso de precisar asistencia de calquera tipo poderán dirixirse ó teléfono disposto a tal efecto pola organización no dorsal.

**11.8.-** Os participantes non poderán ir correndo un detrás de outro "a roda", e deberán gardar en todo momento a distancia de seguridade mínima de 1,5 m. Recoméndase que a distancia entre atletas en carreira sexa superior aos 5 m.

**11.9.-** Os adiantamentos realizaranse mantendo a distancia de seguridade de 1,5 m. como mínimo. O corredor adiantado deberá facilitar o adiantamento.

**11.10.-** Os atletas evitarán falar, berrar ou dar ánimos a outros atletas así como interaccionar co público durante a carreira.

## **Artigo 12: Control Técnico das Carreiras, peche de control e descalificacións.**

**12.1.-** O control técnico das carreiras é realizado polo comité galego de xuíces da FGA, sendo o xuíz árbitro a máxima autoridade técnica da proba, o cal supervisará o desenvolvemento desta así como os resultados finais. Así as reclamacións deberán ser feitas verbalmente ó xuíz árbitro, non mais tarde de 30 minutos da comunicación oficial dos resultados.

**12.2.-** Cando un participante sobrepase os tempos de corte establecidos, ou non se atope en condicións de cumprir estes, será superado polo peche da proba, que indica o final da zona de competición, e deberá abandonar a mesma subindo ó vehículo escoba. Se declina este servizo queda automaticamente excluído da proba pasando a ser un usuario normal das vías.

**12.3.-** A organización poderá descalificar a aquel participante que ó seu xuízo manifieste incapacidade para continuar a proba con seguridade.

**12.4.-** Tempos de corte e peche:

Lugar	Punto KM aproximado	Tempo de corte	Horario previsto
Cruce carretera Razo Aviño.	4.6	1 hora	10:30 h
Local Social (Cances)(Meta Curto)	11	1 hora 45 min	11:15 h
Liñeiro (Cruce DP1910)	15	2 horas 45 min	12:15 h
Muiño da Torre	20	3 horas 30 min	13:00 h
Liña de Meta	28	4 horas 15 min	13:45 h

## **Artigo 13: Clasificacións.**

Establécense as seguintes clasificacións:

<b>Trail Curta</b>	<b>Trail Longa</b>
Xeral Feminina	Xeral Feminina
Xeral Masculina	Xeral Masculina
Xuvenil Sub 18 Feminina	

Xuvenil Sub 18 Masculino	
Senior Feminina	Senior Feminina
Senior Masculino	Senior Masculino
Veteráns Feminina	Veteráns Feminina
Veteráns Masculino	Veteráns Masculino

**Artigo 14: Premios e Trofeos.**

Entreganse trofeos ó 1º, 2º, 3º clasificados masculino e feminino de cada unha das categorías. Tamén se premiará ós seguintes participantes:  
1º carballés; 1ª carballesa.

**Artigo 15:** Serán descalificados os participantes que non respeten as indicacións da Policía Local, Protección Civil, Xuíces, Servizos Médicos ou membros da organización debidamente identificados, así como os que non realicen todo o circuito da carreira, non leven o dorsal ou o manipulen, ou falsifiquen datos personales.

**Artigo 16:** Tódolos corredores polo feito de inscribirse aceptan a publicación do seu nome e imaxe na clasificación, medios de comunicación e Internet para promoción da proba, e consenten expresamente a cesión dos seus datos para todo o relacionado coa participación na proba ás entidades que a organización encomende os procedementos de inscrición, clasificación, reclamacións, aseguramento dos atletas, etc. indicándose neste momento a forma e lugar para exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición se fora o caso.

**Artigo 17: Suspensión da proba.** A organización poderá decidir a suspensión da proba con carácter previo por motivos organizativos, ou durante a celebración da mesma por calquera causa que afecte á seguridade na celebración da mesma (alertas por temporal, etc.), non xenerándose dereito algún hacia os inscritos, excepto o de devolución das taxas de inscrición.

**Artigo 18:** Todo o non disposto na presente normativa rexerá polas normas de Competición da FGA, RFEA e IAAF para a presente tempada, así como todo o regulamentado por instancias superiores.

Carballo, a 22 de novembro de 2021.